

MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

ACTA DA PRIMEIRA REUNIÓN COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

Lugar: Sala de Xuntas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Día: 18/02/2019

Hora de comenzo: 11:00 horas

Hora de remate: 12:00 horas

ASISTENTES

- Guillermo Evia Pérez, director do Instituto de Estudos do Territorio (IET)
- Pablo Amenedo Bermudez, director do Departamento de Xestión Xurídico Administrativa do IET
- M^a Elena Nimo Mayo, xefa do Servizo de Xestión do IET
- Jesús Pérez Balirac pola CIG
- Berta Castaño Torrado pola CIG
- Pablo Cutrin García por CC.OO
- José Antonio Rodríguez Rodas por CC.OO
- José F. Sanchez-Brunete Varela por CSIF
- Juan Manuel Loureiro Taibo por UGT
- Evaristo García Canosa por UGT

Abre a sesión o director do IET, que expón brevemente o motivo da modificación da RPT. En concreto esta modificación obedece a varias razóns:

- A refundición nun so texto de todas as modificacións aprobadas ata a actualidade.
- A adaptación ao disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e na Orde do do 10 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir

En concreto:

- Adaptación dos corpos e escalas
- Inclusión de áreas funcionais nalgúns postos
- Modificación da forma de provisión dalgúns postos de nivel 28, e xustificación do mantemento da mesma forma de provisión noutros
- Aclarar na columna de observacións, daqueles postos de persoal laboral que non están ocupados por persoal integrado como laboral da Xunta de Galicia, o tipo de persoal que os ocupa
- Atención ás novas necesidades do IET:
 - Elimínase a “xornada de mañá ou tarde” que figuraba en sete postos, por non darse o caso na actualidade.
 - Créanse postos necesarios
- Suprímense postos que non se adaptan as necesidades actuais

A continuación ábrese unha rolda de intervencións por parte das organizacións sindicais.

En primeiro lugar toma a palabra o representante da CIG e di o seguinte:

- Que non se lles entregou a relación de equivalencias, por exemplo, o posto de Técnico en materia paisaxística aparece con varias titulacións pero non sabe o que significan.
- Que están en contra da amortización de postos de traballo.
- Que solicitan a creación dun posto de arquivista para dar cumprimento á normativa vixente.
- Que non lles parece ben a incorporación en tres postos da observación "ocupado por persoal laboral fixo non integrado".
- Que tampouco ven ben a introdución nalgúns postos de tres áreas funcionais, que función Pública so permite unha.
- Que nos postos de xefe de negociado non se puxeron as áreas funcionais.

En segundo lugar intervén o representante de CC.OO e di o seguinte:

- Que non se lles entregou a relación de equivalencias.
- Que se lles indique que postos está vacantes ou non.
- Que as áreas funcionais se deben poñer en todos os postos ou en ningún, para que non haxa inxustizas.
- Que non están de acordo coa amortización de postos de traballo.
- Que están en contra que se manteñan servizos coa provisión polo sistema de libre designación.
- Que non está de acordo que se abran postos a outras administracións se non hai reciprocidade.
- Que se indique na RPT que postos están afectados polo Acordo de consolidación.

En terceiro lugar toma a palabra o representante de CSIF e di o seguinte:

- Que o persoal laboral non integrado non debe figurar na RPT.
- Que a creación dun posto de secretario de subdirector é algo anacrónico, que se debería crear un posto de xefe de negociado ou outro similar de nivel 16.
- Que non se lles entregou a memoria económica.
- Que todas as xefaturas de Servizo deberían estar abertas todas ao subgrupo A2.
- Que considera insuficiente a xustificación da provisión mediante libre designación de dous servizos.
- Que o seu sindicato se opuxo ao establecemento das áreas funcionais, pero de manterse, que os postos se abran as mais posibles.
- Que non entende que haxa postos base do subgrupo A1 dentro dunha escala.
- Que non está de acordo que nalgúns postos haxa un requisito imprescindible (992).
- Que entende que se podan amortizar postos para crear outros de maior calidade.
- Que solicita as táboas salariais do persoal do IET.

En cuarto lugar intervén o representante de UGT e di o seguinte:

- Que non se lles entregou a relación de equivalencias.
- Pregunta se os postos que se amortizan non están afectados polo acordo de consolidación.
- Pregunta por que se indica en tres postos "ocupado por persoal laboral fixo", non obstante eles queren o mellor beneficio para os traballadores.
- Que están en contra do concurso específico.
- Que non están de acordo coa apertura de postos a outras administracións.
- Que non se lles entregou a memoria económica.
- Que este sería o momento para introducir na RPT que postos son susceptibles de funcionarizar.
- Que as xefaturas de Servizo deberían estar abertas todas ao subgrupo A2.
- Que se debería crear un posto de xefe de negociado en lugar do de secretario de subdirector.
- Pregunta se a "xornada de mañá ou tarde" esta remunerada.
- Solicitan outra reunión antes da mesa.

Por último interveñen os representantes do IET que din:



XUNTA
DE GALICIA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



- En primeiro lugar piden desculpas por non entregarlles o cadro de equivalencias. Indican que se lles mandará o máis axiña posible e que se lles volverá a convocar a unha nova reunión.
- Que se amortizan tres postos de nivel 12 para poder crear outros dous de máis nivel, xa que os postos de nivel 12 non son fáciles de cubrir. Que non é posible crear novos postos se non se amortizan outros.
- Que en principio poderíase crear outro posto de xefe de negociado en lugar do de secretario de subdirector.
- Que nalgúns postos puxéronse tres áreas funcionais que describen a realidade da actividade do IET, pero se Función Pública obriga a poñer unha sola, porase unha sola.
- Que a provisión de dous servizos mediante libre designación xustificase na memoria, pero intentarase mellorar a xustificación. Que se estudará a posibilidade de abrir os postos ao subgrupo A2.
- Que a RPT inclúe todos os postos do IET. Cando se elaborou a primeira RPT, incluíronse todos os postos traspasados de SODECO, os da antiga dirección xeral e os de estrutura. Por outra banda, o artigo 29 dos estatutos do IET, aprobado polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (DOG do 02/01/2012), establece que *“O Instituto de Estudos do Territorio contará con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia”*. É dicir, non contempla a opción a dispoñer de persoal propio.
- Que o IET ten 13 postos ocupados por persoal laboral indefinido (7 deles ocupados por persoal non recoñecido pola Dirección Xeral da Función Pública) que entendemos que deben participar no proceso de consolidación. Evidentemente, se o persoal que os ocupa non pode participar, os postos non deben incluírse no proceso, xa que o persoal que os ocupa ten unha cualificación que, dada a especificidade do IET, non pode prescindir deles.
- Que todos os postos do IET son susceptibles de funcionarizar, en concreto os 22 ocupados por persoal laboral fixo integrado como persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Nesta modificación non se abriu ningún posto a outras administracións, mantense o xa aprobado.
- Tampouco se modificou ningún mérito non requisito, mantense o xa aprobado.
- Que a “xornada de mañá ou tarde” non está remunerada.

A continuación ábrese unha nova rolda de intervencións das organizacións sindicais.

O representante da CIG di:

- Que non lle parece suficiente o argumento de que non se cubran os postos de nivel 12
- Que nos postos se debe poñer unha única área funcional.
- Que se debe mellorar á xustificación de manter dous servizos coa provisión mediante libre designación, a que figura na memoria que se lles presentou non lle parece suficiente.
- Que non se deben quitar postos da RPT, que se debe buscar outra alternativa.

O representante de CCOO:

- Pide que se comprobe que os postos que se amortizan non están afectados pola OPE de 2019.
- Manter a provisión mediante “libre designación” dalgúns postos de nivel 28 parecelle unha falta de respecto ao persoal da Xunta de Galicia, “todos somos profesionais e temos a obriga do deber de sixilo”.
- Pide que todas as prazas vacantes se incorporen ao proceso de consolidación.
- Polo que respecta ao persoal laboral indefinido non fixo, entende que o debe arreglar o IET con Función Pública.

O representante de CSIF di:

- Que a provisión de todos os postos de nivel 28 debe ser mediante concurso específico, de non ser así, eles impugnarían a RPT non xulgado. Ademais entenden, que no caso do Servizo de Planificación da Paisaxe, o que resolve é o director non o xefe do servizo, polo que non procede que se cubra mediante libre designación.
- Que o IET debe contar con varias RPTs para dar cabida ao distinto persoal.



Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.ict@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>

iet INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO

galicia

O representante da UGT di:

- Que se busque outro encaixe e que non se deixen servizos coa provisión mediante libre designación.
- Pensa que deben aparecer todos os postos na RPT, que se debe buscar unha opción para encaixar nela aos laborais fixos que non se puido integrar.
- Que non están a favor das áreas funcionais, pero que esta pode ser unha boa opción (poñer máis de unha) para favorecer ao persoal.
- Que os servizos se abran ao subgrupo A2.
- Que se busque outra alternativa para non amortizar os postos de auxiliar administrativo.

Non habendo máis asuntos que tratar rematase a reunión.

O director do Departamento de Xestión Xurídico Administrativo

A xefa do Servizo de Xestión

Pablo Amenedo Bermudez

M^a Elena Nimo Mayo



Xacobeo 2021

MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

ACTA DA SEGUNDA REUNIÓN COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

Lugar: Sala de Xuntas do Instituto de Estudos do Territorio

Día: 04/03/2019

Hora de comenzo: 10:00 horas

Hora de remate: 12:00 horas

ASISTENTES

- Guillermo Evia Pérez, director do Instituto de Estudos do Territorio (IET)
- Pablo Amenedo Bermudez, director do Departamento de Xestión Xurídico Administrativa do IET
- M^a Elena Nimo Mayo, xefa do Servizo de Xestión do IET
- Jesús Pérez Balirac pola CIG
- Berta Castaño Torrado pola CIG
- Pablo Cutrín García por CC.OO
- José Antonio Rodríguez Rodas por CC.OO
- Francisco Fernández Castro por CSIF
- Juan Manuel Loureiro Taibo por UGT
- Evaristo García Canosa por UGT

Ábrese unha rolda de intervencións por parte das organizacións sindicais.

En primeiro lugar toma a palabra o representante da CIG e di o seguinte:

- Que recibiron as táboas de equivalencias.
- Que non ve cales son os postos dos tres laborais fixos.
- Que nos postos dos delineantes se debe indicar "a extinguir".
- Que se lle debería poñer a mesma área funcional aos postos de xefe de sección e de negociado.
- Que se deberían reducir as titulacións do posto de técnico/a en materia paisaxística.
- Que os postos de xefe de servizo deben ser de concurso especial.
- Pregunta por que non se abren os postos técnicos aos inspectores de urbanismo.
- Pregunta cal é a orixe do persoal laboral indefinido non fixo.

En segundo lugar intervén o representante de CC.OO e di o seguinte:

- Que non se lles indicou que postos están vacantes.
- Que non están de acordo coas titulacións do posto de técnico/a en materia paisaxística.
- Que están en contra que se manteñan servizos coa provisión polo sistema de libre designación.
- Que están en contra de que nalgúns postos haxa un requisito imprescindible, que se poña como mérito.

En terceiro lugar toma a palabra o representante de CSIF e di o seguinte:

- Que se ratificase nas alegacións da reunión anterior.
- Pide as táboas salariais do persoal do IET, as sentenzas de indefinición e a memoria económica.
- Que se deberían regularizar os postos base.
- Que se deben convocar todos os posto para consolidación.

En cuarto lugar intervén o representante de UGT e di o seguinte:



XUNTA
DE GALICIA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>

iet INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO

galicia

- Piden a memoria económica.
- Que non deben figurar nos postos requisitos imprescindibles, que deben ser méritos.
- Que se deben revisar as titulacións.
- Que se deben quitar da RPT os postos ocupados por persoal fixo non integrado.
- Que non están de acordo coa apertura de postos a outras administracións, se non hai reciprocidade.
- Que os postos de xefe de servizo deben ser de concurso puro.
- Que se o poñen ao concurso específico tal como está redactado na Lei de emprego Público de Galicia.

A continuación, os representantes do IET entréganlles a memoria económica e indican o seguinte:

- Que o posto no posto de xefe de negociado non se indica a área funcional do posto de xefe de sección por que non realizan as mesmas funcións, xa que o titular do primeiro posto traballa para o Departamento Técnico de Estudos, desenvolvendo tarefas administrativas, e o titular do posto de xefe de sección traballa no Servizo de Xestión. Que o posto de xefe de sección vaise propoñer que pase a depender na RPT do Servizo de Xestión como ocorre na realidade.
- Que a definición dos postos base (grupos e titulacións) ocupados por laborais indefinidos non fixos, se fixo no seu día atendendo as circunstancias do persoal que pasou a ocupalos en virtude de sentencias. Que para que puideran ocupar os postos, estes tiñan que estar abertos a súa titulación.
- Que o IET ten 13 traballadores coa condición de persoal laboral indefinido non fixo, 5 deles (os que ocupan postos de funcionarios) procedentes de TRAGSATEC, en virtude de sentenza, e 8 procedente de SODECO. en virtude da Resolución conxunta do 02/01/2012 dos conselleiros de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural, un dos cales tivo tivo unha sentenza con posterioridade a esta resolución.
- Que no IET hai 16 postos vacantes, os 13 ocupados polo persoal laboral indefinido non fixo e os 3 que se amortizan.
- Que os inspectores de urbanismo prepararon unha oposición específica para uns determinados postos.
- Que as sentenzas de indefinición xa se entregaron no seu día cando se modificou a RPT para a súa execución.
- Que se crearon postos de funcionario para executar as sentencias por disposición legal.
- Que o IET remitiu a Función Pública unha proposta para que se ofertaran no proceso de consolidación todos os postos vacantes ocupados por persoal laboral indefinido e puidera participar no mesmo o persoal que os ocupa.

Por último toma a palabra o director, e di, que logo da primeira reunión, modificouse a proposta no senso seguinte:

- proponse a creación de dous postos de xefe de negociado
- proponse a cobertura de todos os postos de xefe de servizo polo sistema de concurso específico
- proponse modificar as escalas dos servizos

e logo da reunión do día de hoxe, vaise a analizar:

- a posible modificación das titulacións do posto de técnico/a en materia paisaxístico
- a posibilidade de incluír nos postos dos delineantes a indicación de "a extinguir".

Non habendo máis asuntos que tratar rematase a reunión.

O director do Departamento de Xestión Xurídico Administrativo

A xefa do Servizo de Xestión

Pablo Amenado Bermudez

M^a Elena Nimo Mayo



Xacobeo 2021